

MEMORIA PARA A ELABORACIÓN DA ESTRATEGIA DE SUSTENTABILIDADE INTEGRADA DO CONCELLO DE COVELO



MEMORIA PARA A ESI – COVELO

CONTIDO:

ANTECEDENTES:

A CONVOCATORIA

A FINALIDADE DA ESI / EDUSI

O CONCELLO: BREVE DESCRICIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

OBXECTIVOS E DESTINATARIOS

RESULTADOS ESPERADOS DO MEDIDAS DE
PARTICIPACIÓN PÚBLICA

CRONOGRAMA

ORZAMENTO E FINANCIACIÓN



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

ANTEDECENTES: A CONVOCATORIA.

A convocatoria de axudas (*Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020*), pretende apoiar as entidades locais para favorecer que os concellos integren a loita contra o cambio climático como unha das variables que deben ter presente nas súas políticas, tanto desde o punto de vista de redución de gases de efecto invernadoiro como da necesaria adaptación ás consecuencias derivadas do quecemento global que está a sufrir o noso planeta

Cómpre sinalar que as actuacións están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

As actuacións subvencionables están incluídas, segundo se sinala a continuación, no eixe prioritario 05 «Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos»; prioridade de investimento 05.01 «Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídos enfoques baseados nos ecosistemas»; obxectivo específico 05.01.01 «Desenvolvemento de coñecementos e elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos, incluíndo os sistemas de alerta preventiva, de seguimento e avaliación»; categoría de intervención 6o «Redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático en Galicia», do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

A FINALIDADE DA ESI OU EDUSI.

Unha das principais novidades para o desenvolvemento de Actuacións Integradas de Desenvolvemento Urbano Sostible durante o período de programación 2014-2020, e dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS 2014-2020) será que as Entidades Locais que queiran financiar este tipo de actuacións con fondos FEDER, *“se les requerirá la existencia de una estrategia integrada o plan estratégico de carácter general que sirva de marco de referencia territorial y sectorial para la propia definición, desarrollo y evaluación de tales actuaciones”*.

Isto obriga ás Entidades Locais a presentar una Estratexia Integrada, xa que no período de programación 2014-2020, se valorarán as estratexias, non os proxectos, e será a Entidade Local a que propondrá que actuacións incluídas en dita estratexia cofinanciará cos fondos FEDER, sempre coa validación da correspondente autoridade de xestión.

O CONCELLO

O Concello de Covelo conta cunha superficie de 127,9 km². e unha poboación de 2617 habitantes, un carácter eminentemente rural e recursos naturais de alto valor ecolóxico. A súa poboación ten unha idade media de 55,1 anos e realiza actividades no ámbito da economía primaria e terciaria. Unha gran parte da poboación en idade laboral desprázase diariamente para exercer o seu traballo.

Por outra banda, é un obxectivo das políticas europeas en materia de adaptación ao cambio climático promover a elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos e, neste contexto, se enmarca esta proposta de elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Integrada do Concello de Covelo.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

A elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental municipal en materia de adaptación ao cambio climático, debe contribuír a mellorar o comportamento da entidade local fronte ao cambio climático, con base no estado ambiental actual (enerxía, residuos, sectores produtivos, ecosistemas singulares, cidadanía), e axudar á definición das mellores opcións de adaptación ao cambio climático.

A estratexia contribuirá a integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas que afecten ao ámbito municipal.

BREVE DESCRICIÓN:

O Concello de Covelo redactará a Estratexia de sustentabilidade integrada municipal pretende afondar no coñecemento dos problemas que poden afectar a nivel local e promover a adopción de medidas que permitan a adaptación e mitigación do cambio climático.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Covelo ten interese en incorporar á planificación ambiental estratéxica os seguintes aspectos que afectan ao estado ambiental municipal:

ANÁLISE FÍSICA

1. **Mobilidade:** relación entre as necesidades de transporte e a demanda de desprazamentos regulares aos polos de actividade humana (mercados, sanidade, educación, administración, polos de actividade económica) e ós núcleos rurais.
2. Estudo da situación do parque edificatorio e necesidades de rehabilitación.
3. **Enerxía:** estado de implantación de medidas de eficiencia enerxética, balance municipal no emprego de enerxías renovables, promoción das enerxías renovables no sector privado e no ámbito doméstico.

ANÁLISE SOCIAL

3. Análise demográfico, análise da estrutura demográfica por sexos, facendo fincapé no estudo da evolución e distribución espacial.
4. **ciudadanía:** detección das situacións de risco de exclusión social e bolsas de pobreza, priorización da atención ás persoas maiores, estudo do nivel educativo e taxas de abandono escolar. Nesta análise deberá terse en conta as distintas necesidades de homes e mulleres.

CLIMA E MEDIO AMBIENTE

1. **Residuos:** análise do sistema actual e posibilidade de introdución de sistemas de compostaxe nos núcleos rurais.
2. **Recursos naturais.** O territorio municipal ten unha altísima proporción forestal que alberga tanto espazos



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

Catalogados como ecosistemas singulares como zonas altamente produtivas de recursos primarios para a industria agroalimentaria (castañas, cogumelos, oliveiras, carne,...), da madeira e tamén como fontes de enerxía alternativa e non contaminante (leñas e os seus derivados).

3. A prevención de incendios forestais e un aspecto relevante para o municipio polo seu alto risco e desastrosas consecuencias ambientais e económicas. Por isto terá un especial tratamento no documento incluíndo o desenvolvemento de medidas preventivas.

ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

1. Caracterización do mercado de traballo local así como a oferta e demanda de emprego.
2. Distribución e localización da actividade empresarial.
3. Análise e accións sobre os sectores produtivos: dinamización de la actividade empresarial, aspecto fundamental para o concello polo elevado índice de envellecemento da poboación e a necesidade de atraer á mocidade e evitar a súa fuga as grandes cidades. Neste ámbito é relevante a xeración de oportunidades de traballo en relación cos recursos primarios do territorio sen aproveitar: agrarios e forestais de alto potencial económico e que contribúen a fixar poboación.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

OBXECTIVOS E DESTINATARIOS:

Da análise efectuada extraeráse unha diagnose que deberá ser de carácter transversal e que definirá as necesidades e problemáticas do ámbito municipal para dar resposta aos problemas e retos identificados. Vincularanse as prioridades de actuación que se determinen na estratexia coas prioridades de investimento establecidas no Programa Operativo de Crecemento Sostible.

As estratexias de desenvolvemento urbano sostible non deben ser temáticamente exhaustivas ou integrais abordando todos os temas e ámbitos posibles, senón que deben definir prioridades, é dicir, elixir os retos a abordar e os obxectivos a conseguir. Aínda así, é relevante que sirva para establecer todas as interaccións existentes no contexto da área municipal e a problemática identificada entre os retos económicos, ambientais, climáticos, demográficos e sociais que lle afectan.

A estratexia debe deixar en evidencia e debe xustificar a coherencia e o equilibrio das relación entre:

- a. A área municipal e as relación territoriais.
- b. Os problemas municipais críticos e os retos que se derivan
- c. A estratexia de desenvolvemento urbano sostible: os obxectivos estratéxicos, as prioridades e as interrelacións entre elas.
- d. As autoridades municipais involucradas que deberán respaldar de forma clara e comprometida as estratexias que se presenten e as responsabilidades dos actores concernidos.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

PROGRAMA DE ACTUACIÓN:


O programa de actuacións centrarase nos obxectivos prioritarios definidos co obxecto de detallar as medidas concretas a desenvolver tendentes a conseguir unha mellora duradera das condicións económicas ambientais e sociais.

En especial, incorporarase un eixe de medidas relativas ao sector primario tendentes na preservación e mobilización económica dos recursos do territorio.

1. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS PRIORITARIOS.

2. O Concello deberá identificar os obxectivos prioritarios nos que orientar a estratexia. Segundo o documento da Red de iniciativas Urbanas para a elaboración das EDUSI:

- *Se han de considerar al menos los cinco retos definidos en el artículo 7 del Reglamento FEDER: económicos, ambientales, climáticos, demográficos y sociales. Pueden haber sido ya identificados por las autoridades urbanas (a través de instrumentos como planes estratégicos, agendas 21, programas sectoriales de actuación, etc.), o requerir un nuevo proceso para su identificación.*
- Unha vez identificados os obxectivos realizarase un análise integrado para identificar as causas que subxacen baixo os problemas.
- Este diagnóstico permitirá definir a continuación los resultados esperados y su vinculación con los objetivos temáticos y prioridades de inversión del POCS. Las EDUSI no deben ser temáticamente exhaustivas o “integrales” sino que deben definir prioridades y ello supone una elección y jerarquización de retos y objetivos.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

ELEMENTOS DE UNA EDUSI



Diagrama orientativo de desarrollo de la estrategia de desarrollo urbano sostenible integrado

Orientaciones para la Definición de Estrategias de Desarrollo Urbano Sostenible Integrado en el periodo 2014-2020 (Red de Iniciativas Urbanas, 2015)



4



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

IDENTIFICACIÓN INICIAL DE PROBLEMAS:

O Concello identifica como problema inicial a prevención e xestión de riscos relacionados co clima e, dentro deles, o risco de incendios forestais.

Neste sentido o Concello conta cun Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (PPDCIF) a nivel municipal que ten tres accións importantes que deben reforzarse dende solucións innovadoras.

- Planificación de áreas de defensa.
Teñen o obxecto de evitar os grandes incendios. Definen zonas de defensa apoiadas en infraestruturas viarias e enerxéticas. Xa definidas no PPDCIF, o seu mantemento corresponde as entidades beneficiarias das mesmas.
- Control da biomasa.
O enfoque actual para a prevención de riscos parte da realización continua e reiterada de labores de roza e prevención cun alto custe económico para os propietarios dos terreos. A xestión da biomasa debe orientarse cun planteamento de investimento na mobilización de recursos e na xeración de actividades económicas fronte a un planteamento de gasto.
A xestión da biomasa debe enfocarse baixo a óptica do seu aproveitamento.
- Sensibilización da poboación.
Recoñecida como causa principal da xeración dos lumes o factor humano, ben por negligencia ou ben por intencionalidade, cómpre desenvolver un programa de sensibilización da poboación enfocado na mesma liña de valorización do recurso que é o enfoque que funciona nas áreas forestais con menor índice de incendios.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

PLAN DE IMPLEMENTACIÓN DA EDUSI:

A EDUSI incorporará un Plan de Implementación que conterà alo menos os seguintes elementos:

- A descrición das liñas de actuación a levar a cabo por Obxectivo Temático para lograr os resultados definidos.
- Descrición, para cada liña de actuación, dos criterios e procedementos para a selección das operacións.
- Descrición das medidas concretas a desenvolver para conseguir os obxectivos.
- Cronograma, que incluírá la planificación temporal orientativa das liñas de actuación.
- Presuposto indicativo total del Plan de Implementación,
- Plan de financiamento que estableza as diferentes fontes de financiamento previstas, para coordinar os distintos investimentos e incrementar as sinerxías.
- Indicadores de produtividade. POCS. Indicadores de avaliación e seguimento que servirán para valorar o grao de consecución dos obxectivos da estratexia.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

RESULTADOS ESPERADOS:

A estratexia de desenvolvemento ten unha parte fundamental na definición dos resultados esperados e nos indicadores que van permitir verificar se estes se acadaron.

Así como a cidadanía esixe resultados aos gobernantes, a Unión europea, para a concesión de fondos para a realización de proxectos, pide tamén resultados que demostren que se están a cumprir os obxectivos plantexados na elaboración das estratexias de desenvolvemento sostible.

En función dos obxectivos que se concreten durante a elaboración da estratexia, plantexarase unha batería de resultados que debe estar alineada cos resultados agardados da aplicación dos fondos FEDER e empregaranse os indicadores propostos nos documentos de regulación do fondo.

PRINCIPAIS RESULTADOS:

1. Identificar os **retos e problemas do concello de Covelo** a os que a estratexia debe facer fronte de cara a avanzar cara un territorio máis, sostibles e integradoras no contexto da Estratexia 2020 da UE.
2. Ter unha **análise** baseado en datos e información contrastada que abarque todos os ámbitos do desenvolvemento territorial vinculados a dita problemática.
3. Delimitar con claridade o **ámbito de actuación** concreto sobre o que se actúa así como a poboación obxectivo, xa sexa unha delimitación do entorno físico ou unha delimitación de carácter funcional, que conte con suficiente **masa crítica** en termos de poboación para o desenvolvemento da estratexia integrada.
4. Conseguir a **participación cidadá** no proceso de elaboración da estratexia integrada a través de fórmulas efectivas para estimular a presentación de ideas e achegas dos cidadáns e contando coa súa consideración e integración.
6. Ter una implicación clara dos **axentes locais** (asociacións veciñais, axentes sociais, representantes da actividade económica da zona, etc.).



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

RESULTADOS ESPERADOS:

7. Contar coa aprobación da Estratexia polo órgano competente da Entidade Local e ter establecidos mecanismos para asegurar que o compromiso da autoridade local se materialice a través dunha gobernanza que asegure a **coordinación horizontal** (entre sectores e áreas da Entidade Local) e **vertical** (co resto de niveis das Administracións Públicas territoriais)
8. Ter unha **definición clara das medidas e actuacións previstas** no desenvolvemento da Estratexia cunha **planificación temporal** vinculada co período 2016-2020 e definir actuacións **coherentes coa Estratexia Integrada**, para dar resposta aos retos económicos, medioambientais, climáticos, demográficos e sociais no marco dos problemas identificados.
9. Que cada unha das **actuacións propostas (para ser obxecto de financiación FEDER)** inclúa alo menos **dous Obxectivos Temáticos** do período 2016-2020, incorporando **actuacións de economía baixa en carbono** e actuacións de ámbito social.
10. Que exista unha **planificación financeira adecuada**, que estableza con claridade as diferentes fontes de financiación das actuacións previstas, incluíndo unha planificación temporal da materialización dos investimentos.
11. Contar cun conxunto de **indicadores** adecuado para avaliar o grado de consecución dos obxectivos da estratexia establecendo valores base e obxectivos a alcanzar e vinculados aos indicadores do Programa Operativo.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

OUTRAS CUESTIÓNS IMPORTANTES: MEDIDAS DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA:

Un elemento fundamental para o éxito na implantación da EDUSI é a participación pública desde a propia concepción do documento, establecendo mecanismos efectivos de información e consulta aos cidadáns e aos principais axentes sociais económicos e institucionais.

A participación pública terá lugar en diferentes fases de redacción do documento-

- 1. presentación pública da elaboración do documento e invitación a entidades e persoas a participar.
2. Participación pública na identificación inicial de problemas.
3. Participación pública na identificación de prioridades e obxectivos.
4. Participación pública na definición do programa de actuacións.
5. Participación pública no seguimento e avaliación da estratexia.

Os mecanismos e formas para a participación pública serán os seguintes:

- Habilitar un espazo para compartir documentos e opinión na web municipal, en particular, para albergar enquisas á poboación sobre os temas prioritarios
- Foros de debate municipal nas fases de identificación de problemas, prioridades e definición de actuacións coa celebración de talleres para facilitar a participación informada da cidadanía.
- Publicación periódica de resultados e información pública sobre os mesmos en espazos públicos.
- Foro de avaliación da estratexia. Reunirse anualmente para avaliar os informes de execución e avance na consecución de resultados.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

OUTRAS CUESTIÓNS IMPORTANTES: Principios horizontais e obxectivos transversais.

- Igualdade entre homes e mulleres e non discriminación.
- Desenvolvemento sostible
- Accesibilidade.
- Cambio demográfico.
- Mitigación e adaptación ao cambio climático.



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

CRONOGRAMA:

A estratexia elaborarase nun período estimado de catro meses, e rematará na data do 15 de novembro, de forma que a xustificación se poida realizar dentro do prazo que estipula a orde reguladora das axudas a entidades locais.

ACTUACIÓN	OUTUBRO		NOVEMBRO	
	QUINCENA 1	QUINCENA 2	QUINCENA 3	QUINCENA 4
I. ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE INTEGRADA				
I. ANÁLISE DE PROBLEMAS				
II. PRIORIDADES E OBXECTIVOS				
III. PROGRAMA DE ACTUACIÓNS				
IV. PARTICIPACIÓN PÚBLICA				
V. INDICADORES				
VI. ELABORACIÓN DO DOCUMENTO FINAL				



MEMORIA PARA A EDUSI – COVELO

ORZAMENTO E FINANCIACIÓN:

O orzamento para a elaboración da ESI municipal é o seguinte. O Concello financiará con recursos propios esta actuación de forma complementaria a axuda que se solicita.

CAP.	CONCEPTO	PREC. UNIT	IMPORTE
I. ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE INTEGRADA			
I. ANÁLISE DE PROBLEMAS			
II. PRIORIDADES E OBXECTIVOS			
III. PROGRAMA DE ACTUACIÓN S			
IV. PARTICIPACIÓN PÚBLICA			
V. INDICADORES			
	Total Presuposto Execución Material		5.312,87
	Total ORZAMENTO (BASE IMPOÑIBLE)		5.312,87
	I.V.E. (21%)		1.115,70
	IMPORTE TOTAL		6.428,57
	AXUDA QUE SE SOLICITA		4.500,00

